

PROBA PRÁCTICA ZOOLOXÍA



XV Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega)

DNI:

1.- Identifica o taxón ao que pertencen os animais que tes diante (escribe no recadro correspondente o número que figura na tapadeira do bote). (10 minutos, 4 puntos, 0.4 puntos por acerto)

TAXÓN	NÚMERO
Antozoos	
Asteroideos	
Cirrípedos	
Decápodos	
Gasterópodos	
Holoturoideos	
Opiliones	
Poliplacóforos	
Poliquetos	
Poríferos	

2.- As mostras que tes evidencian a presenza de diferentes tipos de animais. Marca a opción correspondente ós tipos de animais que observas. Podes utilizar a lupa binocular . (10 minutos, 2 puntos).

- ☐ Anélidos + Moluscos + Crustáceos + Vertebrados
- ☐ Moluscos + Anélidos + Briozoos + Crustáceos
- ☐ Crustáceos + Cnidarios + Nematodos + Moluscos
- ☐ Cordados + Platelmintos + Crustáceos + Quelicerados

3.- Observa a preparación que tes no microscopio. A continuación, marca (subliñando ou redondeando) os termos correctos no seguinte texto. . (10 minutos, 4 puntos, 0.4 puntos por acerto).

A preparación amosa as diferentes fases do ciclo de vida dun **HEXÁPODO / OCTÓPODO**, pertencente a orde dos **LEPIDÓPTEROS / DÍPTEROS**. Estes animais presentan unha metamorfose **COMPLETA / INCOMPLETA**, que inclúe as seguintes fases: a **LARVA / NINFA**, a **EXUVIA / PUPA**, e o **IMAGO / VOADOR**. Os membros desta orde teñen un único par de ás funcionais, que é o par **ANTERIOR / POSTERIOR**, xa que o outro par está transformado en **ÉLITROS / HALTERIOS**.

Nestes molestos bichos, sómente o sexo **MASCULINO / FEMININO** se alimenta do sangue doutros animais, e ca súa picadura poden transmitir moitas enfermidades. Trátase, polo tanto, de animais **PARÁSITOS / COMENSAIS**.